

Edición xeral

XAVIER ALCALÁ FOI O PREMIADO NO APARTADO DE CREACIÓN LITERARIA

## **A Peneira recibe o Premio da Crítica de Iniciativas Culturais**

Pola súa longa traxectoria facendo información en lingua galega e por "transcender a función meramente informativa e abranguer outros ámbitos da creación e a difusión cultural", o xurado do Premio da Crítica Galicia 2006 de Iniciativas Culturais decidiu recoñecer nesta edición o labor do xornal ponteareán [A Peneira](#). Xavier Alcalá, no apartado de creación literaria e pola súa obra "Nas catacumbas"; Xosé R. Freixeiro Mato, no eido de Investigación; Teresa Moure, no apartado de Ensaio e Pensamento e o traballo discográfico Meniños Cantores, en canto á categoría de Música, foron outros dos galardóns decididos a pasada fin de semana. Ademais, o padroado da Fundación dos Premios da Crítica decidiu concederlle o premio de "Galego Egrexio" a Xosé Manuel Beiras. A entrega dos galardóns será o próximo 20 de maio.

- 11:03 08/05/2006

A edición de novos valores e a promoción no ensino dos medios de comunicación, ademais da mediación e promoción das relacións entre Galiza e o Norte de Portugal "colaborando na potenciación da asociación dos 18 Concellos que constitúen o Eixo Atlántico", foron valores destacados polo xurado para a concesión ao xornal A Peneira do Premio da Crítica no apartado de Iniciativas Culturais.

Os xurados de cada unha das seis categorías establecidas reuníronse o pasado sábado 6 de maio e decidiron tamén que nesta 29ª edición o premio de Creación Literaria fose para "Nas Catacumbas", de Xavier Alcalá, "pola súa tensión e desenvolvemento narrativos, por estar inserida dentro dun proxecto de enorme relevancia para o noso sistema literario". Porén, o xurado destacou que a outra obra considerada, desta volta no ámbito poético, "É", de Manuel Outeiriño, "contaba coa mesma consideración" de xeito que propuxeron unha mención especial para o traballo "pola súa lucidez e emoción e a capacidade de abrir novos modos expresivos con humor e transgresión para a poesía galega".

"Os marcadores discursivos. Correctores contraargumentativos no galego escrito", de Xosé R. Freixeiro Mato, recibiu o premio na modalidade de Investigación, sendo finalista a obra "Nacionalismo ó pé da letra", de Tito Diéguez. "A palabra das fillas Eva", da autoría de Teresa Moure, foi a gañadora en Ensaio e Pensamento, valorando o xurado "a súa orixinal estrutura que, intercalando textos analíticos e literarios".

O disco "Meniños cantores", da Asociación Ponte nas ondas, foi o destacado en canto a Música, pola "recompilación da tradición musical galego-portuguesa e a súa aplicación ó ensino de tódolos rapaces e rapazas galegas".

Finalmente, na categoría de Ciencias e Artes da Representación, o premio foi para o evento compostelán "En pé de pedra", polo seu traballo a prol da danza contemporánea, facendo "dun xénero supostamente

minoritario unha arte máis ampla e achegada ó público, nun contexto que quere ser, á vez, galego e universal".